

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de outubro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1037).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1038).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AMES (AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE E. INFANTIL (2^a ETAPA), E. PRIMARIA E SECUNDARIA). EXPTE. 138777/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 26/09/17, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar

Social, o xefe de Área, a concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. Tramitouse polo Servizo de Benestar Social o expediente de bases e convocatoria para a concesión, en réxime concorrencia (avaliación individualizada), das axudas municipais de libros, material escolar e comedor para alumnas/os de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo (Curso 2017-2018). Foron aprobadas na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 02.05.2017 (BOP nº 90, do 11.05.2017).

I.2. Na parte dispositiva dese acordo recóllese:

A) A aprobación das Bases e a convocatoria desas axudas municipais.

B) O compromiso de gasto por importe de 110.000€ para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, que serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

C) O compromiso de gasto de 1.090.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor (Curso 2017-2018). Desta cantidade, 375.780,80 € imputaranse ó exercicio de 2017 e o resto, 714.219,20 €, ó de 2018 (supeditada á dispoñibilidade orzamentaria nese exercicio). As dúas cantidades serán pagadas tamén mediante libramento a xustificar que se ingresará naquela conta habilitada.

I.3. Conforme co disposto nas bases, realizouse a valoración individualizada de todas as solicitudes presentadas e a "Comisión de Valoración" designada para o efecto (base 11ª) redactou o correspondente informe no que se concreta o resultado da avaliación (Acta do 20.09.2017). Desá valoración resulta que:

A) 1.324 alumnas/os solicitantes das axudas de libros e material escolar reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia (LSG) e cumpren os requisitos estipulados na base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión. O custo total da subvención de libros ascende a 112.540,00 € (= 1.324 x 85€). Existe crédito para facer fronte a este gasto con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 - RC 201700041048 e RC 201700091930, aboándose mediante libramento a xustificar, que se ingresará na precitada conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

B) 3.181 alumnas/os reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os das axudas municipais de comedor, de acordo coa LSG e a base 6ª da convocatoria, existindo orzamento para a súa concesión.

Canto ó aboamento destas axudas, indicar que o primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 40% do importe, correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo aprobada pola XGL, pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

O custo do total do **comedor** para o Curso 2017-2018 das/os 3.181 alumnas/os que cumpren os requisitos ascende a 1.225,957,40€. Polo tanto, o primeiro pago (setembro-décembro 2017) equivalente ao 39,70% do total a adxudicar ascende a 486.705,09€.

O gasto do exercicio de 2017 aboarase con cargo a aplicación orzamentaria 2310.481000, RC 201700041049 (375.780,80€) e RC 201700091930 (110.924,29€).

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 739,252,32€ para axudas de comedor 2018 (xaneiro-xuño) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 e pagarase con cargo a RCFUT 201700041050 (714.219,20€) e RCFUT 201700091934 (25.033,12€).

I.4. Da información que obra en poder deste Servizo despréndese que todas/os beneficiarias/os destas axudas cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a base 6ª da convocatoria.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO: Axudas municipais de libros e material escolar curso 2017-2018:

1.1. CONCEDER as axudas de libros e material escolar ás/ós 1.324 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiarias/os da subvención segundo o establecido na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na base 6ª da convocatoria, existindo crédito orzamentario para a súa concesión. O gasto de 112.540,00 € financiarase con cargo á aplicación nº 2310.481.00.00, RC 201700041048 (110.000,00€) e RC 201700091930 (2.540,00€), aboándose mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (ES 90 2080 5000 67 3110242616).

Relaciónanse as persoas beneficiarias no Anexo I, que comeza cunha renda per cápita anual de -8.127,56€ co expediente núm. 3605703002673 e remata cunha renda per cápita anual de 4.791,13€ co expediente núm. 3605715004204.

1.2. Denegar as solicitudes de axudas de libros e material escolar ás/ós 531 alumnas/os que se relacionan no Anexo I, que comeza co expediente núm. 3605715002722 e remata co expediente núm. 3605705003673, sinalando en cada caso o motivo da súa denegación.

SEGUNDO: Axudas municipais escolares de comedor curso 2017-2018:

2.1. CONCEDER axudas municipais de comedor ás/ós 3.181 alumnas/os que reúnen os requisitos necesarios (LSG e base 6ª), existindo o orzamento necesario. O gasto do exercicio de 2017 aboarase con cargo a aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00, RC 201700041049 (375.780,80€) e RC 201700091930 (110.924,29€).

Existe crédito para facer fronte ó gasto de 739,252,32€ para axudas de comedor 2018 (xaneiro-xuño) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 e pagarase con cargo a RCFUT 201700041050 (714.219,20€) e RCFUT 201700091934 (25.033,12€)

As/os beneficiarias/os destas axudas aparecen relacionadas no Anexo II, que comeza cunha renda per cápita anual de -8.327,42 € co expediente núm. 3605721000991 e remata cunha renda per cápita anual de 4.788,62€ co expediente núm. 3605706003068.

2.2. Denegar as axudas municipais de comedor ás/ós 783 alumnas/os que figuran no Anexo II, que comeza cunha renda per cápita anual de -2.761,27€ co expediente núm. 3605723003929 e remata cunha renda per cápita anual de 20.126,55€ co expediente núm. 3605705003673, por non cumprir algún dos requisitos establecidos nas bases, indicándose en cada caso o motivo concreto da súa denegación.

2.3. Denegar as solicitudes de axudas municipais escolares que a seguir se relacionan e polas causas que en cada caso se expresan:

DNI/NIE/Pasaporte	MOTIVO DA DENEGACIÓN
77002807-A	Unidade familiar non empadroada no municipio
36065047-N	Unidade familiar non empadroada no municipio
39465015-M	Unidade familiar non empadroada no municipio

TERCEIRO: Publicar a resolución desta convocatoria de axudas (Anexo III) no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nos Centros de Servizos Sociais Municipais, na web municipal e no “Portal da Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>, con remisión da información necesaria á BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1039).- REQUIRIMENTO A PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., PARA O SINALAMENTO DO MODO DE XESTIÓN DA CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DE APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS NAS RÚAS R. DE CASTRO, J. DE LA FUENTE E AV. CASTELAO, NO CASO DE LIQUIDACIÓN DE "COCHERAS OLIVÍCAS DE PUENTES, S.A.U. EXPTE. 636/449.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro delegado da Área de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Directiva 2004/18/CE, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministro e de servizos (Directiva 2004/18/CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 21 de maio de 2007, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL), adxudicouse a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. (en adiante PUENTES), a concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

O adxudicatario manifestou na súa oferta a súa intención de constituír unha sociedade unipersoal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicataria (Memoria incluída no sobre 2, apartado 3, do Plan Económico Financeiro, subapartado 3.2). Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicataria do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersoal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. (no sucesivo COCHERAS), e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

En data 6 de agosto de 2007, a Xunta de Goberno Local, en resposta a solicitude do concesionario mencionada no parágrafo anterior, adoptou o seguinte acordo:

“Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo publico de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos

subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. e extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por así constar na proposición gañadora do concurso”

Segundo.- En auto de data 20 de abril de 2017, o xulgado do mercantil número 1 de A Coruña, declarou en concurso voluntario de acredores á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. No mesmo auto nomease administradora concursal á sociedade RIVAS & MONTERO BUFETE DE ABOGADOS, S.L.P. (agora denominada ARISTEIA ABOGADOS, S.L.P., en adiante, ARISTEIA ou a administradora concursal).

En auto de data 7 de xuño de 2017, o citado xulgado acordou, no seo do procedemento concursal, a apertura da fase de liquidación do contrato.

Terceiro.- En data 20 de xuño de 2017, D. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación de ARISTEIA, insta a este Concello a que proceda á resolución administrativa e liquidación da citada concesión, de conformidade coa lexislación de aplicación. Así mesmo, pon os aparcadoiros a disposición do Concello, requiríndolle para que os reciba canto antes, e en todo caso, no prazo máximo dun mes.

Cuarto.- En data 10 de agosto de 2017, a XGL acordou denegar a solicitude de resolución do contrato mencionada no antecedente anterior.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

A concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007 á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

-Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

-II-

O contrato que nos ocupa foi adxudicado a un grupo empresarial, PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.. O adxudicatario manifestou na Memoria incluída no sobre 2 (apartado 3), no Plan Económico Financeiro (subapartado 3.2) a súa intención de constituír unha sociedade unipersonal para a xestión da concesión en caso de resultar adxudicatario. Consecuentemente, unha vez adxudicado o contrato, a entidade adxudicatario do contrato constituíu unha sociedade anónima unipersonal, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., cun capital social de 61.000 euros e solicitou á Administración a autorización de formalización do contrato con esta sociedade.

A lei permite que o adxudicatario dunha concesión de servizo público ou de obra pública poida constituír unha sociedade ad-hoc para a explotación da mesma. Esta posibilidade foi introducida pola Lei 13/2003, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, nos artigos 230 e 232.3 do TRLCAP, é resulta aplicable as concesións de servizo público a teor do artigo 156.a. do mesmo corpo legal. En consecuencia, tal e como se recolle no antecedente primeiro deste escrito, a XGL tomou razón da constitución deste sociedade instrumental.

A sociedade instrumental creada pola concesionaria, Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A., para a xestión da concesión, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A., foi declarada en concurso voluntario en auto de data 20 de abril de 2017, do xulgado do mercantil número 1 de A Coruña.

Dado que o concurso xa entrou en fase de liquidación, de consumarse a liquidación da sociedade instrumental, o concesionario, PUENTES, deberá xestionar a concesión directamente ou ben constituír, tal e como manifestara no seu momento na oferta, outra sociedade instrumental. Resulta preciso, polo tanto, requirirille para que manifeste a súa intención de optar por unha u outra destas alternativas.

-III-

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Requirir á PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A., titular da concesión de servizo público para a construción e explotación de aparcadoiros subterráneos de uso mixto nas rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castela, por acordo da Xunta de Goberno Local (no sucesivo XGL) de data 21 de maio de 2007, para que, no prazo dos

quinze días seguintes á recepción do presente escrito, manifieste se en caso de liquidación da actual sociedade instrumental que xestiona o contrato, COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., continuará xestionando directamente a citada concesión ou ben constituirá unha nova sociedade instrumental”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1040).- RECURSO ESPECIAL EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN PARA A RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DAS CONCELLERÍAS DE MOBILIDADE E SEGURIDADE E MULTAS E LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR RETIRADA E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 16863/541.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Contratación, que di como se transcribe de seguido:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellalía delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal, de 13 de marzo de 2017 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellalía delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal, de 21 de febreiro de 2017 (PPT).
- Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 24 de marzo de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellalía delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

Segundo.- En data 29 de marzo de 2017 anúnciase a licitación no perfil do contratante do Concello de Vigo, que é obxecto de publicación nos seguintes diarios oficiais:

- Diario Oficial da Unión Europea, o 6 de abril de 2017.
- Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o 21 de abril de 2017
- Diario Oficial de Galicia, o 24 de abril de 2017.
- Boletín Oficial do Estado, o 27 de abril de 2017.

Abríndose o prazo de presentación de ofertas tras a publicación no DOUE, que finalizou o día 18 de maio de 2017.

Terceiro.- En data 24 de maio de 2017, a Secretaria do Goberno Local, certifica que durante o prazo de presentación de ofertas do citado procedemento presentaron propostas as seguintes mercantís:

1. GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.
2. COORDINADORA DE XESTIÓN DE INGRESOS, S.A.
3. UTE ASESORES LOCAIS CONSULTORIA, S.A.- RECERCA I DESENVOLUPAMENT EMPRESARIAL, S.L. (UTE GRUPO AL VIGO).

4. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SLU.
5. A AUXILIAR DE RECADACIÓN, S.L.

Cuarto.- En data 25 de maio de 2017, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, procede á apertura e cualificación da documentación persoal (Sobre A) e acorda admitir a todos os licitadores excepto COORDINADORA DE XESTIÓN DE INGRESOS, S.A. á que se lle outorga un prazo de tres días para subsanar documentación. Na mesa de contratación celebrada o 2 de xuño admitiuse á citada empresa e na mesma sesión, en acto público, procédese á apertura da documentación avaliable mediante xuízo de valor (Sobre B) e acórdase solicitar informe de valoración da mesma ao servizo xestor.

Quinto.- En data 23 de xuño de 2017, a Mesa de Contratación acordou solicitar aclaracións ás ofertas presentadas por AUXILIAR DE RECADACIÓN, S.L.U., XESTIÓN TRIBUTARIA TERRITORIAL, S.A.U. e UTE GRUPO, as cales presentaron a documentación solicitada no prazo outorgado ao efecto.

Sexto.- En data 2 de agosto de 2017 es aceptado pola Mesa de contratación o informe da documentación avaliable mediante xuízo de valor (sobre B). Este informe foi publicado no perfil de contratante deste concello previamente á apertura de ofertas económicas que a tivo lugar o 3 de agosto de 2017.

Sétimo.- En data 10 de agosto de 2017, a XGL, a proposta da Mesa de Contratación, aprobou o acordo de clasificación de ofertas e acordou requirir ao primeiro clasificado, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI)., a documentación prevista nos artigos 146.1 e 151.2 do TRLCSP. SCI presentou a documentación o día 29 de agosto de 2017.

Oitavo.- En data 7 de setembro de 2017, a XGL, acordou adxudicar o contrato que nos ocupa, previa proposta da Mesa de Contratación de 31 de agosto de 2017, a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., notificándose ese mesmo día a adxudicación a todos os licitadores.

Noveno.- En data 28 de setembro de 2017, D. Diego Camblo Giménez en representación de Asesores Locais Consultoría, S.A. (en diante o recorrente) presenta recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellaría delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

Décimo.- En data 29 de setembro de 2017, o servizo de Contratación, solicita informe sobre o recurso ao servizo xestor, que o emite en data 4 de outubro do mesmo ano, asinado tanto polo sr. Tesoureiro municipal como polo sr. Xefe de Administración electrónica, dado que algunhas das alegacións versan sobre as melloras en medios informáticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo de adxudicación a SERVIZOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U. (SCI), do procedemento aberto para a contratación de servizo de colaboración e asistencia técnica, material e informática, nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da Concellaría delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do TACRC para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 40 a 49 TRLCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 40.1 TRLCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras, concesión de obras públicas, de subministración, de servizos, de colaboración entre o Sector Público e o Sector Privado e acordos marco, suxeitos a regulación harmonizada.

- Contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II desta Lei cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 209.000 euros.
- Contratos de xestión de servizos públicos nos que o valor económico da concesión é superior a 5.225.000 euros (Resolución 569/2016 do TACRC).

Este precepto na actualidade, finalizado o prazo de transposición da Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, hai que interpretalo tendo en conta que a mesma goza de efecto directo desde o 18 de abril de 2016.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 40.6 TRLCSP), podendo os interesados interpor directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 41.4 TRLCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

En virtude do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia sobre atribución de competencia de recursos contractuais, de 7 de novembro de 2013, atribúese pola citada Comunidade ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais “a competencia para a tramitación e resolución dos recursos, solicitudes de adopción de medidas provisionais e cuestións de nulidade dos actos do procedemento de adxudicación e contratos a que se refiren os artigos 40.1,43 e 47 do TRLCSP (...)”, convenio que foi obxecto de prórroga e está vixente na actualidade.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense no artigo 22 do Real Decreto 814/2015. Aínda que a tarefa de analizar si concorren os mesmos no presente recurso correspóndelle ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe no caso de que concorran e, en caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 40.2 TRLCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.

- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que éstos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Consideraranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorde a exclusión de licitadores.
- c) Os acordos de adxudicación adoptados polos propios adxudicadores.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpor este recurso ás persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados as decisións obxecto de recurso (artigo 42 TRLCSP). É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *adcausam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir a xurisprudencia e a doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se anuncie previamente e se presente por escrito.

O escrito anunciando o recurso deberá especificar o acto do procedemento que vaia ser obxecto do recurso, e presentarse perante o órgano de contratación no prazo de interposición do recurso (artigo 44.1 TRLCSP). En cumprimento deste requisito D. Diego Camblo Giménez, en representación de Asesores Locais Consultoría, S.A, anunciou a esta Administración, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de 18 de setembro de 2017, a intención de interpor recurso especial. Escrito que reúne os requisitos esixidos pola lei.

O escrito de interposición deberá presentarse no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para a resolución do recurso (artigo 44.3 TRLCSP). No recurso farase constar o acto recorrido, o motivo en que fundamente o recurso, os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente e, no seu caso, as medidas provisionais, cuxa adopción solicite (artigo 44.4 TRLCSP) e deberá acompañarse da seguinte documentación:

- O documento que acredite a representación do comparecente.
- O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por tela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que recaia ou do xornal oficial ou perfil de contratante en que se publicou.
- O documento ou documentos en que funde o seu dereito.
- O xustificante de dar cumprimento ao establecido no apartado 1 deste artigo.

Circunstancias que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro electrónico do TACRC o día 28 de setembro de 2017.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado. Neste prazo deberá presentarse o preceptivo escrito anunciando o recurso (artigo 44.1 e 2 LCSP).

No caso que nos ocupa, Asesores Locais Consultoría, S.A, presenta o recurso en data 28 de setembro de 2017. Tendo en conta que o acordo de adxudicación foille notificado o 7 de setembro del mesmo ano, o recurso interponse dentro do prazo concedido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei, polo que non procede solicitar do mesmo a súa inadmisión.

Nos fundamentos xurídicos seguintes analizarase o fondo da cuestión exposta polo recorrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

As alegacións formuladas polo Sr. Camblo, en nome e en representación de Asesores Locais Consultoría, S.A para fundamentar a impugnación do acordo de adxudicación do contrato que nos ocupa son as seguintes:

- 1) O trato de favor ao licitador adxudicatario actual (alegación previa).
- 2) Melloras notoriamente desproporcionadas ou anormais (alegación primeira).
- 3) A adxudicación vulnera os pregos, a normativa e a xurisprudencia aplicables porque a oferta non cumpre nin acredita o cumprimento dos requisitos esixidos (alegación segunda).
- 4) Oferta inviable e manifestamente inconsistente, con melloras anormais ou desproporcionadas e con vantaxes como licitador que actualmente presta o servizo (alegación terceira).
- 5) Erro excluínste no punto quinto da proposta económica (alegación cuarta).
- 6) Solicitud de suspensión do procedemento de licitación (alegación quinta).

Nos fundamentos xurídicos seguintes referirémonos por separado aos motivos 1 ao 4. Da solicitud de suspensión ocuparémonos no fundamento xurídico XI.

-VI-

O trato de favor ao licitador adxudicatario actual (alegación previa)

Nesta alegación, o recorrente limitábase a citar os preceptos legais que consagran a igualdade de trato dos licitadores e proscriben a discriminación (artigo 1 e 139 do TRLCSP e 45 da Lei 14/2013, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización) e a poñer de relevo que considera que se deu un trato de favor ao actual adxudicatario do contrato, SCI, que ao cabo foi o novo adxudicatario, contraviñendo así os principios que rexen a contratación do sector público, aínda que non acredita estes extremos.

O Tesoureiro municipal, responsable deste contrato, en informe de data 4 de outubro de 2017, manifesta respecto diso:

*“En relación coa vulneración do principio de igualdade e non discriminación que fai constar a reclamante na fundamentación previa, que segundo ó seu parecer, *permitiulle obter de forma anti-xurídica a máxima puntuación, tanto nos criterios que dependen de xuízo de valor, como para os que non dependen de devanditos xuízos de valor, e sobre todo nestes últimos que fixeron posible unhas puntuacións moi superiores ao resto das empresas da competencia, ao permitirlle propoer unhas melloras totalmente desproporcionadas e anormais en relación ao resto de Proposicións.**

Non entendemos qué argumentos pode expor a reclamante para fundamentar un trato de favor, cando todas as aclaracións solicitadas polas licitadoras foron contestadas a través do Perfil do Contratante.

Respectouse con absoluto rigor os principios de igualdade e transparencia que regula o artigo 139 do TRLCSP, así como o de publicidade, estando a disposición de todos os licitadores a información e documentación necesaria para a formación da súa oferta en condicións de igualdade, non habéndose producido por parte de ningunha licitadora alegación ou queixa algunha en relación co cumprimento de principios, estando regulado de forma clara, mesmo ata qué día podían as licitadoras solicitar información ou documentación complementaria. No entanto, no momento procedimental actual, cando non alcanza a puntuación suficiente para resultar a primeira clasificada, a reclamación e argumentos alegados carece de fundamento algún, semellando máis unha situación de impotencia pola presentación dunha oferta non gañadora que dunha reclamación fundada obxectivamente.

En canto á xustificación dos recursos informáticos, descríbense e xustifican obxectivamente en apartados posteriores polo Xefe do Servizo de Administración Electrónica.

En canto ás ofertas, a licitadora nalgún dos criterios avaliábeis mediante fórmula, fixo unha proposta moi superior á da Adxudicataria, véxase criterio 8.B.2.2.b. Como se fai constar neste informe, os argumentos esgrimidos pola recorrente carecen de rigor constituíndo meras opinións particulares.

En nove criterios, as licitadoras (todas) tiveron a mesma puntuación, en 4 deles, a adxudicataria (SCI) fixo unha oferta que lle permitiu a puntuación máxima, e nun, a reclamante fixo mellor oferta que a adxudicataria.

Os criterios suxeitos a valoración mediante fórmula son moi claros, non requiren interpretación polos potenciais licitadores para a formación da oferta e así o fixeron, nuns casos ofertando unhas melloras sobre o inicialmente solicitado no PCAP/FEC, que establecía a forma de valoración e a fórmula a aplicar, polo que as distintas licitadoras analizaron custos, amortización dos investimentos, ingresos, etc, e, algunhas ofertas optaron por obter unha rendibilidade maior do

contrato e outras por un menor, cedendo parte da súa potencial rendibilidade a favor do contrato público en lugar de aumentar a conta de resultados. En todo caso, o comportamento de cada unha das licitadoras, obedece á súa estratexia empresarial e en ningún caso a un trato diferenciado, como di a reclamante, sen achegar un só dato a tal afirmación, polo que non é posible afondar máis neste apartado da reclamación formulada.

A Valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor, os 35 puntos estaban asignados a 11 subcriterios, sendo a valoración final bastante axustada, salvo a correspondente a unha da licitadoras.

Apartado 8.A).	GTT	C G I	U T E A o	S C I	A X. R E C
1.1.- Calidade e organización do traballo	8,75	7,50	8,50	9,75	5,90
Plan de traballo na prestación, diagrama de procesos e secuencias de esforzos	4,00	4,00	4,00	5,00	3,00
Tempo de resposta na tramitación de expedientes (redución tempos notificación)	2,00	1,00	1,75	2,00	1,25
Innovacións incorporadas ao modelo, que redunden na maior calidade do servizo	1,75	1,50	1,75	1,75	,75
Contido das tarefas encomendadas aos postos	,50	,50	,50	,50	,40
Plan de formación continuada	,50	,50	,50	,50	,50
1.2- Integración e interrelación	9,00	8,00	9,00	9,00	5,00
Colaboración servizos munic. (Aplicativo X. Tributaria, Inspección, Contabilidade, Exptes; PMH, F.elec.	4,00	4,00	4,00	4,00	3,00
Sistemas de intercambio de datos coas aplicacións que se especifican non PPT	5,00	4,00	5,00	5,00	2,00
1.3.- Funcionalidades dá aplicación	9,00	1,00	9,00	9,50	6,00

2.- Melloras	3,00	3 , 0 0	3, 50	3 , 5 0	3, 0 0
Proposta concreta de mecanismos que axuden a evitar ou fraude	1,00	1	1,	1	1,
		,	50	,	2
		5		5	5
		0		0	
Impl., pilotaxe e posta en marcha melloras na captura electrónica de datos e información	1,00	1	1,	1	,
		,	00	,	7
		0		0	5
		0		0	
Melloras non servizo de atención ao contribuínte	1,00	,	1,	1	1,
		5	00	,	0
		0		0	0
		0		0	
Total. 8.A)	29,75	2	30	3	1
		8	,0	1	9,
		,	0	,	9
		5		7	0
		0		5	

O informe sobre a valoración dos xuízos de valor, no resumo, incorpora as seguintes conclusións:

Poderíase concluír, que cada licitadora cos seus produtos, ofrecen fortalezas e oportunidades de xestión distintas, aínda que as variacións ou diferenzas que representan as ofertas, son de matiz máis de presentación que de resultados reais, aínda que tamén, como se fixo constatar no desenvolvemento da análise e que figura no informe, tamén hai debilidades, de aí que ningunha das licitadoras obtívese a puntuación máxima prevista.

Coa excepción dunha das licitadoras que presenta unha aplicación de xestión que non supón avance en relación coa situación actual, calquera outra das ofertas presentadas pode prestar o servizo con solvencia, obtendo uns resultados en termos de atención ao contribuínte, melloras na prestación, rapidez en resposta, transparencia, e sobre todo en eficiencia, que superarán aos do servizo actual, que ten outra configuración menos integrada, onde conviven distintas aplicacións entre a recadación executiva e voluntaria, unhas aplicacións, que aínda reflectindo os avances normativos, a súa arquitectura e funcionalidades, non está concibida para alcanzar e compatibilizar os obxectivos ou misión do servizo: Atención ao contribuínte e eficiencia e sobre todo a interoperabilidade coas aplicacións corporativas.

En consecuencia, o resultado final da valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor, non foi nin moito menos determinante, sendo a diferenza entre a valoración outorgada á reclamante e a adjudicataria de 1,75 puntos.

Na valoración dos criterios suxeitos a fórmula, a diferenza entre ambas é moito maior, 64,61 para a adjudicataria e 52,43 para a reclamante”.

Procede, pois, propor ao órgano de contratación a desestimación da alegación previa.

Melloras notoriamente desproporcionadas ou anormais (alegación primeira)

Manifesta o recorrente na alegación primeira que a oferta presentada por SCI “adoece de graves irregularidades que a fan notoriamente anormal ou desproporcionada (...) nos criterios avaliábeis mediante fórmulas relativos á mellora de medios informáticos e a mellora dos equipos de captura de denuncias. A desproporción entre a oferta presentada por SCI (actual adxudicatario) e as presentadas polo resto de licitadores é tan extremadamente avultada, que fai considerar que dita empresa dispuña de información privilexiada ou se trata dunha subministración encuberta” e adxunta ao recurso un estudo comparativo elaborado por PBS Consulting sobre este extremo.

Extracta do referido informe os seguintes extremos relativos á oferta de SCI:

- O sobredimensionamento dos servidores para bases de datos (na súa opinión estéril dende a racionalidade técnica) xa que as prestacións son da orde de 700 veces superior aos requirimentos da licitación.
- O sobredimensionamento dos servidores para aplicacións da orde de 58 veces superior aos requirimentos da licitación.
- O sobredimensionamento da memoria RAM, no caso dos servidores destinados a bases de datos, 80 veces superior aos requirimentos da licitación.

É preciso pór de relevo que, dado que esta Administración non fixou un límite superior ás ofertas, non existe obstáculo a que un licitador oferte moi por encima do esixido.

O informe de data 4 de outubro de 2017, do Tesoureiro municipal e o xefe de Administración electrónica, con carácter previo á resposta ás alegacións do recorrente, incorpora o Resultado da valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor:

“A Valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor, os 35 puntos estaban asignados a 11 subcriterios, sendo a valoración final bastante axustada, salvo a correspondente a unha da licitadoras.

Apartado 8.A).	GTT	C G I	U T E A o	S C I	A X. R E C
1.1.- Calidade e organización do traballo	8,75	7	8,	9	5,
		,50	50	,7	90
		0		5	
Plan de traballo na prestación, diagrama de procesos e secuencias de esforzos	4,00	4	4,	5	3,
		,00	00	,0	00
		0		0	
Tempo de resposta na tramitación de expedientes (redución tempos notificación)	2,00	1	1,	2	1,
		,00	75	,0	25
		0		0	

Innovacións incorporadas ao modelo, que redunden na maior calidade do servizo	1,75	1,50	1,75	1,75	,75
Contido das tarefas encomendadas aos postos	,50	,50	,50	,50	,40
Plan de formación continuada	,50	,50	,50	,50	,50
1.2- Integración e interrelación	9,00	8,00	9,00	9,00	5,00
Colaboración servizos munic. (Aplicativo X. Tributaria, Inspección, Contabilidade, Exptes; PMH, F.elec.	4,00	4,00	4,00	4,00	3,00
Sistemas de intercambio de datos coas aplicacións que se especifican non PPT	5,00	4,00	5,00	5,00	2,00
1.3.- Funcionalidades da aplicación	9,00	1,00	9,00	9,50	6,00
2.- Melloras	3,00	3,00	3,50	3,50	3,00
Proposta concreta de mecanismos que axuden a evitar ou fraude	1,00	1,50	1,50	1,50	1,25
Impl., pilotaxe e posta en marcha melloras na captura electrónica de datos e información	1,00	1,00	1,00	1,00	,75
Melloras non servizo de atención ao contribuínte	1,00	,50	1,00	1,00	1,00
Total. 8.A)	29,75	28,50	30,00	31,75	19,90

Resultado da presentación de proposicións contidas no sobre C

Apartado 1 do modelo

	LICITADORAS
--	--------------------

GT	CGI	UTE	SCI	A.
si	si	si	si	si

Apartado 2 do modelo de proposición (12 puntos)

Recadación efectiva	% máximo	% mínimo	Percorrido Mx	LICITADORAS					Puntostramo
				GT	CGI	UTE, Ao	SCI	A. RECADACIÓN	
Até 3.10 ⁶	14,00 %	10,00 %	4	4	4	4	4	4	0,5
De 3.000.000,01 até 5.10 ⁶	16,00 %	12,00 %	4	4	4	4	4	4	0,5
De 5.000.000,01 até 8.10 ⁶	18,00 %	14,00 %	4	4	4	4	4	4	0,5
De 8.000.000,01 até 11.10 ⁶	20,00 %	16,00 %	4	4	4	4	4	4	0,5
Mais de 11.000.000,00	22,00 %	18,00 %	4	4	4	4	4	4	1

Apartados 3 e seguintes do modelo de proposición

Orde	Criterio	LICITADORAS					A. Recadación
		GT	CGI	UTE, Ao	SCI	A. Recadación	
3	%Retribución recadación multas de tráfico en vía executiva (8 puntos)	26,00 %	26,99 %	26,00 %	26,65 %	26,99%	
4	% Recadación en voluntaria e executiva liquidación veh.depósito guindastre (3 puntos)	24,00 %	24,99 %	24,00 %	24,95 %	24,99%	
5	% Redución retribución incentivo de xestión (7 puntos)	100,00 %	100,00 %	100,00 % ¹	100,00 %	100,00%	
6	%Retribución recadación multas de tráfico en período voluntario (5 puntos)	26,00 %	26,99 %	26,00 %	26,65 %	26,99%	
7	Rendemento servidores BBDD (Suma total dos valores) (8 puntos)	700	750	640	700	3.140	

- 1 Ofertou o 100% para o último tramo, o modelo de proposición así o facía constar, xa que ao ofertar un tramo, os tramos precedentes están engadidos e vinculados, si unha oferta fai unha redución para o último tramo, é porcentaxe opera para todos os tramos precedentes.

8	Capacidade total da memoria dos servidores fiscos da BBDD (nºGB) (1 punto, Δ)	5 1 2	1. 0 2 4	4.0 96	2 0 . 0 0 0	1.024
9	Rendemento servidores de aplicacións (Suma total dos valores) (4 puntos)	1 . 7 2 0	7. 5 2 0	25. 60 0	3 5 . 2 0 0	6.280
10	Capacidade total da memoria dos servidores fiscos das aplicacións (nºGB) (1 punto, Δ)	5 1 2	1. 0 2 4	16. 38 4	1 0 . 0 0 0	1.024
11	Licenzas para o uso da contorna completa das aplicacións (nº de usuarios) (4 puntos, 500) ¹	5 0 0	5 0 0	50 0 0	5 0 0	500
12	Nº de servizos de intercambio de información de procesos básicos (2 puntos)	1 0 0	1 2 8	10 0	1 0 7	100
9ª.- Páxina 79,80, Prego Técnico.

Nivel I, Nivel II Reforzo na campaña da folla.

Proposta.- Durante os meses de Outubro, Novembro e Decembro pola caída da folla reforzaranse as tarefas de limpeza con ao menos 6 persoas, que serán 3 operarios na quenda de mañá que empregarán varredora e sopradoras, e 3 operarios na quenda da noite cos medios mecanizados necesarios.

SUBROGACIÓN:

Alégase que a relación do persoal a subrogar está incompleta, por non figurar persoal con contratos indefinidos en situación de IT. Relaciónanse:

- N^o persoal 39628
- N^o persoal 41828
- N^o persoal 35558

RESPOSTA:

En relación ao contido dos punto 1, 2, 4, 5, 6, 7, 8 e 9, das alegación presentadas, debese indicar que os Pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares atenden de xeito específico ao contido destes apartados e así mesmo estas propostas atópanse vencelladas á propia organización da prestación do servizo, a cal xa ten unha regulación específica no os pregos deste contrato e moitas das propostas atópanse directamente relacionadas a capacidade organizativa e de xestión da empresa adxudicataria e ao cumprimento das condición do convenio colectivo que lle é de aplicación, e así mesmo as competencias de administración no seguimento da execución do contrato.

En relación ao contido do punto nº3, sobre a definición do orzamento de licitación debese indicar que o PCAP recolle a definición do prezo total do contrato para cada un dos lotes e os cálculos establecidos para cada ano, atópanse referidos os custes do servizo e os licitadores contan con recursos suficientes para dar cobertura as obrigas derivadas da execución deste contrato”.

-II-

Da omisión de tres traballadores no listado de subrogación

Finaliza o escrito de alegacións cun apartado titulado “Subrogación no que pon de manifesto que a relación do persoal a subrogar é incompleta por non figurar na mesma tres traballadores con contratos indefinidos e que actualmente atópanse en situación de incapacidade temporal, citando os números de persoal dos mesmos.

No presente contrato existe a obrigación do empresario que resulte adxudicatario do contrato, determinada no convenio colectivo de aplicación, de subrogar aos traballadores que prestan actualmente o servizo. Nestes casos, o artigo 120 do TRLCSP impón ao poder adxudicador unha obrigación de información, co obxecto de que os futuros licitadores poidan coñecer os custos laborais do persoal a subrogar. Dispón este artigo que: *“Naqueles contratos que impoñan ao adxudicatario a obrigación de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida”*. E en cumprimento desta obrigación, incluíuse no anexo IV do PPT esta información, consignando con relación a cada traballador o tipo de contrato, a categoría profesional, a antigüidade, as horas de traballo semanal e mensual e o plus consolidado.

A subrogación prodúcese ou ben por imperativo legal, nos casos de sucesión empresarial prevista no artigo 44 do ET, ou ben por establecelo así o convenio colectivo aplicable aos traballadores que prestan o servizo, con independencia da vontade da Administración. A lexislación contractual (artigo 120 TRLCSP), limítase a recoller o deber a Administración contratante de facilitar información sobre as condicións dos contratos que poderían resultar afectados pola subrogación.

En cumprimento desta obriga de información incluíuse como Anexo ao prego de prescricións técnicas o listado de persoal a subrogar.

Á vista da presente alegación, o servizo xestor deulle traslado da mesma á mercantil FCC, que en escrito de data 2 de outubro de 2017, confirma esta circunstancia e relaciona aos traballadores con dereito a subrogación omitidos no listado inicial.

En consecuencia, é preciso publicar no perfil do contratante o escrito de FCC de data 2 de outubro de 2017 no que se recoñece aos traballadores citados o dereito de subrogación.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións 1 a 9 formuladas por D. Rufino Santalices Gil, en nome e representación do Comité de empresa da mercantil Fomento de Construcciones y Contratas (en adiante FCC), en data 28 de setembro de 2017, polas razóns expostas no fundamento xurídicos I do presente escrito.

2º.- Publicar no perfil do contratante o escrito de FCC de data 2 de outubro de 2017 no que se recoñece aos traballadores citados no mesmo o dereito de subrogación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1043).- RESPONSA A DÚBIDAS E PREGUNTAS DE POSIBLES LICITADORES NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO, PARCELAS 28-29 DO PLAN PARCIAL QUIRÓS. EXPTE 4639/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

En data 25 de setembro de 2017 publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra UE o anuncio de licitación do servizo para a redacción do proxecto de execución das obras de construción dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós.

O día 28 de setembro de 2017, xa aberto o prazo para a presentación de ofertas, **Soltec Ingenieros S.L.**, mediante solicitude no rexistro electrónico do Concello de Vigo, W246911-8543, formula diversas cuestións, que se reproducen a continuación máis as contestacións ás mesmas .

II.- Aclaracións

- Na proposta arquitectónica, pódese presentar un deseño base con planos e 3D, que se axuste ao programa ade necesidades que se define?

- Deberán de ser presentados os planos en A4 o poderán presentarse en A3?

Co obxecto de clarear as cuestións formuladas, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal.- Jerónimo Centrón Castaños e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Oscar Couce Senra emitiron o seguinte informe:

1) En canto a consulta de si se pode presentar deseño base con planos e 3D que se axuste ao programa de necesidades; o Artigo 8.A).1.2 das FEC indica: *“análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada da proposta arquitectónica do conxunto da actuación, así como dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto, valorarase con ata 12 puntos. Incluirá unha descrición do alcance dos traballos a realizar, os condicionantes que se poden presentar, e a incidencia destes sobre o desenrolo dos traballos”.*

Se valora todo o indicado no parágrafo anterior. Enténdese que en canto a proposta arquitectónica debe ser analítica e detallada segundo o prego polo que se entende adecuado a presentación dalgún esquema gráfico, boceto ou croques.

2) En canto ao formato dos planos: o artigo 7 das FEC indica que se poderán presentar para ese apartado un máximo de 50 follas por unha cara, sen especificar tamaño, polo que se entende válido calquera que cumpra os citados requisitos do prego.

III.- Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vigente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar as respostas as cuestións formuladas polo licitador Soltec Ingenieros S.L., e contidas neste informe e ordenar a súa publicación no perfil de contratante”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1044).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA 3ª EDICIÓN DO “DESAFÍO BOOT CAMP RACE” O VINDEIRO 8 DE OUTUBRO DE 2017. EXPTE. 16241/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 3/10/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A entidade Pepita Tery Producciones, con CIF (B-27742105), solicitou o día 28-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170061402), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 3º edición DESAFIO BOOT CAMP RACE
- Data: domingo 8 de outubro de 2017

- Horario: 9.00h a 18.00h.

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **domingo 8 de outubro de 2017**, a proba se levará a cabo na praia de Samil.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Montes, parques e xardíns
- Medio Ambiente
- Tamén se comunicou o evento ao servizo de Limpeza, Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Pepita Tery Producciones S.L, con CIF (B-27742105), a organizar o vindeiro domingo 8 de outubro de 2017, o evento deportivo denominado 3ª edición DESAFIO BOOT CAMP RACE, a proba de levará a cabo integramente na praia de Samil dende as 09.00h ata as 18.00h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1045).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA Á VÍA XUDICIAL LABORAL, INTERPOSTA POLO EMPREGADO MUNICIPAL CON NP 83.292 CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 29/06/17, NO QUE SE RESOLVÍA O PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO CON EXPTE. NUM. 7723/612.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, que di o seguinte:

I.-ANTECEDENTES

1.- O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica (por Delegación competencial efectuada en Decreto do alcalde de data 19/06/2016 e acordo da XGL da mesma data), en data 07/07/2016, ditou resolución incoando expediente disciplinario ó emprego municipal con número de persoal 83.292, ós efectos de dilucidar e esclarecer a presunta comisión de falta disciplinaria grave ou moi grave, nos termos do dispostos no artigo 95 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

Tamén, na citada resolución, designábase instrutor ó funcionario técnico de administración xeral, SOF, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo do Concello, e secretario ó funcionario técnico de administración xeral, RH-CV, adscrito ó Servizo de Medio Ambiente.

Asimesmo, outorgábase un trámite de audiencia ós interesados por termo de 15 días, para formular as alegacións procedentes en defensa dos seus dereitos, informándolles que poderían promover a recusación do instrutor e secretario consonte ó dispostos no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- A dita resolución notificouse, entre outros, ó inculpado en data 09/08/2016, sen que presentara ningunha alegación.

3.- Constan no expediente os seguintes informes e documentación de relevancia:

- Informe do escape da tigresa Kenia do veterinario das instalacións do zoolóxico municipal (en adiante VigoZoo), AAR, de data 19/06/2016 (folio 2 e 3).
- Informe do acontecido da coidadora de VigoZoo, BRP, de data 19/06/2016 (folio 4).
- Informe do acontecido do coidador inculpado de VigoZoo, con NP 83292, de data 19/06/2016 (folio 5).
- Exposición dos feitos acontecidos na semana do 13 ó 19 de xuño de 2016 no tocante á alimentación e peche dos animais en Vigo Zoo da coidadora, BRP (folios 9 a 11).
- Informe e documentación anexa do director de réxime interior de VigoZoo, FCV, de data 27/06/2016 (folio 16 a 25).
- Informe do acaecido nos días anteriores ó escape de Kenia do veterinario de VigoZoo, AAR, de data 27/06/2016 (folios 26 e 27).
- Informe sobre protocolos en vigor en VigoZoo e documentación anexa do citado veterinario de data 27/06/2016 (f.28 a 35).
- Informe sobre incidente da tigresa Kenia e documentación anexa do capataz de VigoZoo, FADB, de data 27/06/2016 (f. 36 a 128).
- Informe incidente tigresa Kenia e documentación anexa do conservador de VigoZoo, JJVA, de data 27/06/2016 (f. 129 a 136).

4.- Asimesmo, incorporáronse ó expediente e resultan relevantes as actas de toma de declaración ante o instrutor, en presenza do secretario, seguintes:

- Acta de toma de declaración realizada ó inculpado, oficial coidador das instalacións de VigoZoo, NP 83292, en data 20/01/2017 (folios 149 a 158).
- Acta de toma de declaración realizada á oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D^a. BRP, en data 24/01/2017 (folios 162 a 166).
- Acta de toma de declaración realizada á coidadora das instalacións de VigoZoo, D^a. MCGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169).
- Acta de toma de declaración realizada ó capataz municipal das instalacións de VigoZoo, D. FADB, en data 26/01/2017 (folios 170 a 173).
- Acta de toma de declaración realizada ó veterinario das instalacións de VigoZoo, AAR, en data 26/01/2017 (folios 174 a 177).
- Acta de toma de declaración realizada á oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D^a. MJAP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188).

5.- O instrutor do procedemento formulou prego de cargos contra o inculpado en data 25/05/2017.

6.- O prego de cargos foi notificado ó inculpado, NP 83.292, o cal rechazou recoller a notificación en fecha 25/05/2017.

7.- D FLBP en representación de do empregado municipal con número de persoal 83.292 formulou escrito de alegacións en data 02/06/17 (doc. 170079309) que se se incorporou ó expediente.

8.- O instrutor do procedemento disciplinario en data 12/06/2017, formulou proposta de resolución con imposición de sanción disciplinaria.

9.- A dita proposta de resolución foi notificada ó Comité de Empresa en data do 12/06/2017 e ó inculpado, no lugar indicado polo seu representante, en data 13/06/2017, outorgándolles un trámite de audiencia por termo de dez días con posta de manifesto do expediente.

10.- O empregado municipal con número de persoal 83.292 con data de presentación en Correos do 23/06/2017 e de entrada neste Concello do 26/06/2017 (doc. 170092549), formulou escrito de alegacións contra á proposta de resolución. Non consta presentación de alegacións polo Comité de Empresa.

11.- Con data 28/06/2017, o instrutor do procedemento disciplinario emitiu informe relativo ás alegacións presentadas polo empregado municipal con NP 83292 en data 26/06/2017 (doc. 170092549) no procedemento disciplinario num. 7713/612.

12.- A proposta do concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, emitida en data 29/06/2017 en virtude da delegación de competencias efectuada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29/06/2017, adoptou acordo que no apartado primeiro e segundo da súa parte resolutive di:

“(…)

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas polo empregado municipal con núm. persoal 83.292, (doc. 170092549) polos fundamentos de feito e dereito invocados na parte expositiva desta resolución.

Segundo.- Impoñer ó empregado municipal con núm. persoal 83.292, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de tres meses, desglosada da seguinte forma:

a) Pola comisión dunha falta disciplinaria de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado “1.- *A falta de obediencia debida a superiores e autoridades*” do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado en el BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de un mes ó abeiro do artigo 189.a) da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

b) Pola comisión dunha falta disciplinaria de carácter grave, tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado “14.- *A grave perturbación do servizo*” do Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, a sanción de suspensión de emprego e soldo por un período de dous meses ó amparo do artigo 189.a) da citada Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

(...)”

13.- De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de RXAP-PAC despois de intentada a notificación persoal dúas veces no domicilio indicado polo interesado a efectos de notificacións, sito en Madrid, intentos infrutuosos debidamente acreditados por medio de correo certificado con acuse de recibo en datas 04/07/2016 e 06/07/2017, o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/2017 foi notificado ó interesado no seu lugar de traballo (VigoZoo, Praza dol Leóns, S/N, A Madroa-Vigo) en data 01/08/2017.

14.- Con data 04/08/2017, o empregado municipal con NP 83.292 interpuxo no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Rexistro do edificio administrativo de Vigo), con entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 07/08/2017 (doc. 170110372), reclamación administrativa previa á vía xudicial laboral contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/2017, no que se resolvía o procedemento disciplinario con nº de expte. 7723/612.

II.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

- Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999.
- Disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.
- Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.
- Demais normativa de concordante aplicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Segundo o disposto no artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e 69 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) a reclamación en vía administrativa é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito laboral contra calquera Administración Pública, salvo os supostos nos que dito requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei, sendo o prazo para a súa interposición o de 20 días hábiles a contar desde o día seguinte á notificación da resolución administrativa obxecto da reclamación administrativa previa.

2.- Resultando que a resolución impugnada foi notificada ao interesado en data 01/08/2017 e tendo en conta que a reclamación administrativa previa á vía laboral foi interposta en data 04/08/2017, esta foi presentada en prazo, polo que procede a súa admisión.

3.- En relación ás alegacións presentadas cómpre indicar que:

3.1.- Alega o empregado municipal con NP 83.292 a caducidade do expediente disciplinario por terse excedido o prazo dun ano establecido legalmente para a tramitación, resolución e notificación do procedemento.

A alegación debe ser desestimada.

O artigo 192.5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón, na redacción aplicable o presente procedemento, que «A duración máxima do procedemento disciplinario será de un ano. Vencido este prazo sen que se notificase a resolución que puxera fin ó procedemento, se declarará de oficio a caducidade do mesmo e se ordenará o arquivo das actuacións».

No que atinxe a notificación dos actos administrativos, o inciso do apartado 4 do artigo 58 da Lei 30/1992, sinala que «ós solos efectos de entender cumprida a obrigaón de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos será suficiente (...) o intento de notificación debidamente acreditado» (nos mesmos termos pronúnciase o artigo 40.4. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP).

A sentenza do Tribunal Supremo de data 17/11/2003 fixou a doutrina legal sobre os efectos do intento de notificacións de resolucións ou actos administrativos nos seguintes termos:

“(…)

2. Que DECLARAMOS LA SIGUIENTE DOCTRINA LEGAL:

«Que el inciso intento de notificación debidamente acreditado que emplea el artículo 58.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se refiere al intento de notificación personal por cualquier procedimiento que cumpla con las exigencias legales contempladas en el artículo 59.1 de la Ley 30/1992, pero que resulte infructuoso por cualquier circunstancia y que quede debidamente acreditado. De esta manera, bastará para entender concluso un procedimiento administrativo dentro del plazo máximo que la ley le asigne, en aplicación del referido artículo 58.4 de la Ley 30/1992, el intento de notificación por cualquier medio legalmente admisible según los términos del artículo 59 de la Ley 30/1992, y que se practique con todas las garantías legales aunque resulte frustrado finalmente, y siempre que quede debida constancia del mismo en el expediente. »

(...)”.

Examinado o expediente administrativo seguido no procedemento disciplinario que termina coa resolución impugnada e a tenor da doutrina xurisprudencial anteriormente exposta, ha de concluírse que, dende a data do acordo de iniciación, 07/07/2016, ata o “dies ad quem” a ter en conta para o cómputo do prazo de caducidade –isto é, os intentos de notificación no domicilio sito en Madrid indicado polo interesado a efectos de notificacións, debidamente acreditados por medio de correo certificado con acuse de recibo en datas 04/07/2016 e 06/07/2017 – non chegou a culminarse o prazo máximo de resolución dun ano, polo que non estamos ante un expediente caducado.

3.2.- Alega a nulidade da proba de cargo obrante no procedemento.

O motivo debe ser desestimado.

Como xa se declarou na resolución do procedemento disciplinario, compre poñer de manifesto que o actor limitábase a afirmar, de forma xenérica, a nulidade do procedemento sen invocar en que concreto suposto de nulidade se incorre, supostos que están previstos legalmente como causas de nulidade e que están taxativamente enumerados. Dita omisión xustificaría, por si mesma, a desestimación da alegación.

Con independencia do anteriormente exposto, en aplicación do principio *pro actione* e co obxecto de constatar a non existencia de posibles causas de nulidade de pleno dereito no procedemento administrativo tramitado co número de ref. 7723/612, as cales poden ser apreciadas de oficio, pódese concluír que non se aprecian ditas causas.

En primeiro termo, e con anterioridade a analizar o suposto vicio procedimental alegado, compre poñer de manifesto que é reiterada a xurisprudencia do Tribunal Supremo que dispón que non todos os vicios ou infraccións cometidos durante a tramitación dun expediente teñen entidade xurídica suficiente para amparar unha pretensión anulatoria por causa formal, posto que a nulidade das actuacións administrativas só debe estimarse ante gravísimas infraccións do procedemento que impida o nacemento do acto administrativo ou produza indefensión dos administrados, polo que favorece sempre a tendencia á redución da virtude invalidante, de tal xeito que con anterioridade de adoitar unha solución tan extrema teñan sido tomadas en consideración todas as circunstancias concorrentes, impostas pola importancia e consecuencia dos vicios denunciados, a entidade do dereito

afectado e a posición dos interesados no expediente, xa que doutra forma se incorrería en un extremado formalismo repudiado na propia Lei, coa consecuencia de danar gravemente a operatividade da actuación administrativa (STS 07/03/1988; 13/03/1991, entre outras).

Neste senso, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (aplicable o presente procedemento en virtude da Disposición Transitoria Terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), establece no seu artigo 63.2 que o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para acadar o seu fin ou dea lugar a indefensión dos interesados. A doutrina do Tribunal Constitucional respecto dos defectos procedimentais establece que só son constitutivos de vulneración de indefensión constitucionalmente proscriba cando son causantes dun prexuízo real e efectivo, isto é, dunha merma definitiva da posibilidade de alegar, contradicir e probar (STC 161/1985; 48/1986; 14/1999; 81/2000;87/2001; 174/2001). Segundo o que vai dito, a indefensión constitucionalmente relevante é a situación na que, trala infracción dunha norma procesual se impide a algunha das partes o dereito á defensa, eliminando ou limitando a potestade de, ben de alegar dereitos e intereses para que lle sexan recoñecidos, ou ben de replicar dialecticamente as posicións contrarias, debendo ter a devandita indefensión carácter material e non meramente formal, o que implica que non é suficiente coa existencia dun defecto ou infracción procesual, senón que debe haberse producido un efectivo e real menoscabo do dereito de defensa (STC 145/1990; 89/1999; 210/1999, entre outras).

Dito o anterior, e preciso analizar o concreto vicio de procedemento denunciado polo actor e, de existir, a súa incidencia anulatoria no presente procedemento disciplinario.

Pois ben, alega o empregado municipal con con núm. persoal 83.292 que non se lle permitiu estar presente nas declaracións e que non consta no expediente administrativo a notificación a súa persoa de tal información, considerando infrinxido o art. 25 do Decreto 94/1991, do Réxime Disciplinario dos Funcionarios da Xunta de Galicia, o cal considera de aplicación supletoria.

É evidente que o actor confunde as dilixencias que o instrutor pode ordenar practicar na fase previa do procedemento para a determinación e comprobación dos feitos susceptibles de sanción-artigo 21 do Decreto 94/1991, de 20 de marzo-, coa fase probatoria deste recollida nos artigos 23 e seguintes do mesmo texto legal. Examinado o expediente administrativo, comprobouse que se seguiron as fases do procedemento e se respectou o principio de contradición.

Neste senso, compre poñer de manifesto que no ámbito das garantías do proceso equitativo se atopa o dereito a ser informado da acusación, o cal se conecta co dereito de defensa contraditoria. O dereito de ser informado da acusación, expresa e autonomamente recollido na Constitución, constitúe o primeiro elemento do dereito de defensa no ámbito sancionador. No caso que nos ocupa, no prego de cargos notificado ao inculpado en data 25.05.17, que é onde se inicia a verdadeira contradición, se determinaban con precisión os elementos esenciais dos feitos sancionables e a súa cualificación xurídica co obxecto de que o inculpado puidera exercer o seu dereito de defensa, propoñendo as probas que considerara oportuno, prego de cargos que recollía as declaracións tomadas polo instrutor na fase previa, incluída á do propio inculpado. É nese momento procesual onde o inculpado pode propoñer proba e alegar canto estime conveniente en defensa dos seus intereses, como así fixo (folios 226 e 227 do expediente administrativo), non constando que solicitara

como proba testifical a de ningún dos declarantes na fase previa. É evidente que se non o solicitou foi porque non o consideraba necesario para exercer o seu dereito de defensa.

Tamén é preciso sinalar que o inculpado era plenamente coñecedor do contido do expediente nese momento procesual xa que consultou o mesmo en datas 26.05.17 e 31.05.17, tal e como consta das dilixencias de comparecencia incorporadas ao expediente (folios 215 e 222), consulta que foi previa á presentación por parte do inculpado das alegacións ao prego de cargos (02.06.17, DOC. 170079309).

De conformidade co que vai dito, pode concluírse que se seguiron as fases do procedemento legalmente establecido e se respectou o principio de contradición.

3.3.- Alega que non se practicou a proba proposta vulnerando, tal circunstancia, o seu dereito de defensa, solicitando a práctica desta.

A constante xurisprudencia do Tribunal Constitucional describe o dereito da parte a propoñer proba non como un hipotético dereito a levar a cabo unha actividade probatoria ilimitada en virtude da cal as partes están facultadas para esixir calesqueira probas que teñan a ben propor, senón que atribúe como o dereito á recepción e práctica das que sexan pertinentes (STC 168/1991; 211/1991; 205/1998; 96/2000; entre outras).

Polo que se refire á consideración da importancia de tomar declaración ó oficial coidador D. JASH, con independencia de que a devandita declaración non se propuxo como proba nas alegacións do inculpado ó prego de cargos, e tal e como manifestou o instrutor do procedemento na proposta de resolución, a mencionada declaración sería irrelevante por canto a circunstancia de que a tigresa Kenia estaba solta na mañá do día 19 de xuño non é un feito controvertido no presente expediente.

De conformidade có anteriormente exposto, a alegación debe ser desestimada.

3.4.- Alega que, en canto o cargo terceiro que se lle imputa, se lle esta a impoñer dúas sancións pola comisión duns mesmos feitos vulnerando o principio *non bis in idem*.

Para que se entenda vulnerado o principio xeral do dereito de «non bis in idem» a xurisprudencia esixe unha dualidade de sancións por idéntico suxeito, feito e fundamento (STC 221/1997). A devandita triple identidade (feitos, suxeito e fundamento) constitúe o presuposto de aplicación da interdicción constitucional de incorrer en «bis in idem», e delimita o contido dos dereitos fundamentais recoñecidos no art. 25.1 da Constitución, xa que estes non impiden a concorrencia de calesqueira sancións e procedementos sancionadores, nin sequera se estes teñen por obxecto os mesmos feitos, senón que os mencionados dereitos fundamentais consisten en non padecer unha dobre sanción e non ser sometido a un dobre procedemento punitivo, polos mesmos feitos e co mesmo fundamento.

O cargo terceiro que se lle imputa o actor reza literalmente como segue:

*“Terceiro.- Queda probado que o inculpado, oficial coidador con núm. persoal 83.292, incumpriu novamente o día 18 de xuño de 2016, quenda de tarde, as instrucións, protocolos establecidos en VigoZoo e tamén a orde do capataz de ir a pechar xuntos os dous coidadores os animais (perigosos), tal e como resulta das seguintes dilixencias:
(...).”*

No caso que nos ocupa é evidente que a actuación do inculpado que se describe no cargo terceiro é constitutiva de dous infraccións distintas contempladas no Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral): A tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado "1.- A falta de obediencia debida a superiores e autoridades"; e a tipificada no artigo 26, Faltas graves, apartado "14.- A grave perturbación do servizo".

Non fai falla facer razoamentos xurídicos profundos para chegar a conclusión de que a dobre tipificación feita polo Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral) responde a distintos fundamentos e, por ende, ten como obxectivo a protección de bens xurídicos distintos:

- «Grave perturbación do servizo»: No caso analizado, a perturbación do servizo se produce desde o mesmo momento en que o inculpado obstaculiza aos seus compañeiros o correcto exercicio das funcións a realizar, isto é, seguir os protocolos que establecen que o peche dos animais potencialmente perigosos o deben facer os dous coidadores xuntos. A actuación do inculpado nos días relatados incide directamente nas funcións a realizar pola súa compañeira.

- «A Falta de obediencia debida a superiores e autoridades»: Neste caso, queda probada a existencia dunha orde clara e terminante, dirixida en forma axeitada polo superior -o capataz- no exercicio das súas competencias ao interior -inculpado- e fronte a ela, este último adoptou unha actitude consciente e inustificada de oposición ó seu cumprimento, vulnerando a autoridade que o superior exerce.

De conformidade co anteriormente exposto, a alegación debe ser desestimada.

3.5.- Alega que non se lle pode imputar o feito de que se efectuase o peche dos animais perigosos por separado e que non foi él quen pechou indebidamente os candados.

En primeiro termo, cómpre poñer de manifesto que no presente procedemento non se está a sancionar o feito de que quedaran os candados abertos, senón o incumprimento polo inculpado dos protocolos e instrucións establecidos, así como da orde directa emitida por un superior.

Polo que se refire o feito de que non se lle pode imputar ó inculpado a realización do peche dos animais perigosos por separado, examinado o expediente administrativo, hai material probatorio suficiente respecto dos feitos que aconteceron e, sobre todo, porque foron recoñecidos polo propio inculpado.

Dunha interpretación racional dos feitos que constan no expediente, pode concluírse que non é certo que a coidadora, dona BRP, se negara a realizar o peche dos animais perigosos en compañía do inculpado os días 13 e 18 de xuño de 2016.

É máis, como consta no feito probado primeiro foi a propia coidadora, dona BRP, no día 13 de xuño de 2016, a que requiriu sobre as 20:00 horas ó inculpado para ir a pechar xuntos os animais perigosos. Isto resulta non só da declaración da coidadora, senón tamén do resto de probas que se citan neste feito, a saber:

- Informe do acaecido nos días anteriores ó escape de Kenia do veterinario de VigoZoo, AAR, de data 27/06/2016 (folios 26, 27).

- Informe sobre incidente da tigresa Kenia do capataz das instalacións de VigoZoo, FADB, de data 27/06/2016 (folios 36 e 37).

- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D^a. CGA, en data 24/01/2017 (folios 167 a 169), na que declara:

“5ª PREGUNTA: Diga se é certo se o luns, día 13 de xuño de 2016, sobre as 20:00 horas e na súa presenza, a súa compañeira dona BRP preguntoulle ó empregado municipal con núm. persoal 83.292, se ían a pechar xuntos os animais?”

R.: Si.”

- Declaración realizada ante o instrutor polo capataz das instalacións de VigoZoo, D. FADB, en data 26/01/2017 (folios 170 a 173).”

- Declaración realizada ante o instrutor polo veterinario das instalacións de VigoZoo en data 26/01/2017 (folios 174 a 177).

- Declaración realizada ante o instrutor pola oficial coidadora das instalacións de VigoZoo, D^a. MJAP, en data 30/01/2017 (folios 186 a 188).

Tamén, o propio inculpado no seu informe de data 19 de xuño de 2016 (folio 5) recoñece que o día anterior -18 de xuño- foi en solitario a realizar a alimentación dos animais perigosos, e en ningún momento desá declaración, ou nun momento anterior ó longo da semana -por exemplo, cando recibiu a orde directa do capataz- manifestou que o motivo de que fose en solitario fose causa dunha discordancia coa súa compañeira sobre o horario de peche deste animais.

Polo exposto, procede desestimar a alegación.

3.6.- Alega a incorrecta cualificación dos tipos infractores dos feitos declarados probados.

O Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, tipifica como falta disciplinaria de carácter grave, no artigo 26, Faltas graves, apartado “1.- A falta de obediencia debida a superiores e autoridades”.

É evidente que os feitos probados segundo e terceiro incardínanse, claramente, no tipo infractor sinalado, no senso de que existiu unha orde clara e terminante, dirixida en forma axeitada polo superior -o capataz- no exercicio das súas competencias ao interior -inculpado- e fronte a ela, este último adoptou unha actitude consciente e inxustificada de oposición ó seu cumprimento, vulnerando a autoridade que o superior exerce. Polo tanto, é correcta a cualificación do feito probado.

O Convenio Colectivo dos Empregados Integrados no Cadro de Persoal do Concello de Vigo (Persoal Laboral), publicado no BOP de Pontevedra, núm. 48, do xoves, 11 de marzo de 1999, tipifica como falta disciplinaria de carácter grave, no artigo 26, Faltas graves, apartado “14.- A grave perturbación do servizo”. Como xa se ten dito, no caso analizado, a perturbación do servizo se produce desde o mesmo momento en que o inculpado obstaculiza aos seus compañeiros o correcto exercicio das funcións a realizar, isto é, seguir

os protocolos que establecen que o peche dos animais potencialmente perigosos o deben facer os dous cuidadores xuntos. A actuación do inculpado no días relatados incide directamente nas funcións a realizar pola súa compañeira.

Polo exposto, procede a desestimación da alegación.

3.6.- Alega a falta de proporcionalidade da sanción imposta

O artigo 189, apartado a), da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia sancionada a comisión das infracción graves coa imposición de *“Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo en no caso do persoal laboral, por un período de entre quince días e tres anos”*.

No presentado caso, como xa se declarou na resolución do procedemento, estase a impoñer a sanción no seu grao mínimo polo que non se está a infrinxir o principio de proporcionalidade, máxime, tendo en conta, que estamos a falar de protocolos, instrucións e ordes relativas a animais potencialmente perigosos (leóns, tigres, oso ...) que é notorio que poden causar a morte das persoas.

Polo anteriormente exposto, procede desestimar a alegación.

4.- É órgano competente para resolver a reclamación administrativa previa á vía xudicial laboral interposta polo empregado municipal con NP 83.292, a Xunta de Goberno Local ó abeiro do artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos,

PROPONSE

Primeiro.- Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xudicial laboral (doc. 170110372), interposta polo empregado municipal con NP 83.292 contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/2017 no que se resolvía o procedemento disciplinario con expte. num. 7723/612.

Segundo.- Facultar ó concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, para que determine o período temporal no que se levará a efecto a sanción imposta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/06/2017, de forma que non se prexudique o normal funcionamento do servizo de VigoZoo.

Terceiro.- Notificar a presente resolución nos termos do artigo 58.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1046).- PROPOSTA ESTIMATORIA PARCIAL DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L.

CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA A INSTALACIÓN DUN PARQUE INFANTIL EN DITA PLAZA. EXPTE. 9209/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/09/17, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Montes, Parques e Xardíns, que di o seguinte:

Remitido por parte do Servizo de Montes, Parques e Xardíns do Concello a este Servizo Xurídico de Servizos Xerais da Área de Fomento o expediente de referencia para informe, emítese o que segue:

ANTECEDENTES

- 1.** En datas 10 de novembro de 2016 e 1 de decembro de 2016, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns, a proposta do Servizo, resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de parque infantil na Praza Elíptica, a prol da empresa Vilar Montoro Ingeniería, SLP (B27734326), expte. 9209/446.
- 2.** Presentado pola dita mercantil o proxecto técnico, redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, de data novembro 2016, o concelleiro delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, ordenou o inicio do expediente para a súa aprobación.
- 3.** Informado favorablemente o proxecto polo Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, pola Oficina de Supervisión de Proxectos da Área de Fomento e pola arquitecta municipal da Xerencia Municipal de urbanismo, solicitouse do Servizo de Patrimonio municipal informe sobre os termos da concesión demanial adxudicada no subsolo da praza, que foi evacuado a medio de remisión da documentación considerada pertinente, e, finalmente, deuse vista do expediente á actual titular da dita concesión Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L..
- 4.** No trámite de audiencia conferido, Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. presentou dous escritos de alegacións. No primeiro afirma que Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. é titular dun dereito á xestión e explotación dos espazos exteriores situados na cuberta do centro comercial e que a instalación dun parque infantil nos ditos espazos exteriores debe ser consensuado coa concesionaria. No segundo, manifesta a concesionaria que mantendo o espírito de colaboración co Concello, «do que xa dende o ano 2000, data da apertura ao público do Centro Comercial, levamos dando proba, admitimos a instalación do citado Parque Infantil na cuberta do Centro Comercial, condicionado á redacción e sinatura dun convenio que regule a instalación e mantemento desta nova dotación pública no que, como mínimo, haberá de fixarse un prazo de tempo limitado para a súa permanencia que suxerimos que sexa de dez anos, todo isto con idependencia de que, cumprido dito prazo, se prevea a posibilidade de formalizar novas prórrogas para a permanencia de dito Parque Infantil na cuberta do Centro Comercial».
- 5.** Con data 7 de agosto de 2016, este Servizo Xurídico emitiu informe no que se concluíu que «Sen necesidade de entrar a examinar o alcance das facultades recoñecidas a concesionaria canto a realización de actividades para a dinamización dos espazos exteriores do centro comercial, non considera este informante adecuada a fórmula de convenio proposta por Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. para establecer a obriga

municipal de mantemento da instalación de ocio infantil e para fixar o prazo no que a instalación poderá ser mantida na praza, sobre todo polo límite temporal que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, impón á vixencia dos convenios de colaboración, sendo suficiente, na opinión deste Servizo, con que no acordo que aprobe a instalación do parque infantil se precise, de acordo co solicitado pola concesionaria:

Dunha parte, que, non obstante a obriga da concesionaria de dominio público para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais da praza de D. Francisco Fernández del Riego, de conservar e manter a dita praza, a conservación e mantemento do parque infantil a executar sobre a praza, en canto que infraestrutura municipal de ocio, corresponderá ao Concello de Vigo.

Doutra, que as partes, en calquera momento e como mínimo cada dez anos, a partir da execución da instalación infantil, negociarán, de acordo cos obxectivos do Proxecto de Gestión «Plaza Elíptica», a realización das actuacións procedentes para a mellor utilización e dinamización da superficie da praza».

6. En base a este infome a Xunta de Goberno Local, en sesión de 10 de agosto de 2017, aprobou a proposta aprobatoria do proxecto técnico, proposta, en cuxas consideracións de dereito consignábase que «O actual adxudicatario do subsolo da Praza Elíptica non formulou obxección algunha a execución do proxecto de que tratamos e da documentación achegada polo responsable técnico da Oficina de Inventario e Patrimonio non resulta impedimento algún para a aprobación e execución do proxecto, toda vez que a concesión demanial existente na Praza Elíptica o é do subsolo».

7. Contra este acordo Centro Comercial Plaza Elíptica interpuxo, en prazo hábil, o recurso de reposición que figura no expediente, en relación co cal se emite o presente informe proposta.

5. Adúcese no recurso de reposición:

— Que a concesión demanial da que é titular Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. inclúe no seu obxecto os espazos exteriores existentes na cuberta da Praza Elíptica.

— Que no trámite de audiencia conferido sí se formularon alegacións manifestándose «Que manteniendo el espíritu de colaboración con el Excmo. Ayuntamiento del que ya desde el año 2.000 fecha de la apertura al público del Centro Comercial hemos venido dando prueba, admitimos la instalación del citado Parque Infantil en la cubierta del Centro Comercial, condicionado a la redacción y firma de un convenio antes de su implantación, que establezca las condiciones de instalación y uso de esa nueva dotación pública y su mantenimiento que corresponderá al Ayuntamiento, en el que como mínimo habrá de fijarse un plazo de tiempo limitado para su permanencia de diez años, todo ello con independencia de que cumplido dicho plazo se prevea la posibilidad de formalizar nuevas prórrogas para la permanencia de dicho Parque Infantil en la cubierta del Centro Comercial».

— Que o apartado IV das consideracións de Dereito do acordo impugnado, afirmase erroneamente que «O actual adxudicatario do subsolo da Praza Elíptica non formulou obxección algunha a execución do proxecto de que tratamos e da documentación achegada polo responsable técnico da Oficina de Inventario e Patrimonio non resulta impedimento algún para a aprobación e execución do proxecto, toda vez que a concesión demanial

existente na Praza Elíptica o é do subsolo», sendo así que o recorrente presentou as alegación a que se ven de facer referencia.

— Que no acordo impugnado faise constar que «as partes, en calquera momento e como mínimo cada dez anos, a partir da execución da instalación infantil, negociarán, de acordo cos obxectivos do Proxecto de Gestión “Plaza Elíptica”, a realización das actuacións procedentes para a mellor utilización e dinamización da superficie da praza», sendo así que «El expediente que nos ocupa está limitado a la instalación de un parque infantil en un espacio determinado de la superficie de la plaza objeto de la concesión, y por tanto, el acuerdo que se adopte se debe referir exclusivamente a los aspectos relacionados con dicho parque infantil, sin que puede incluir aspectos relacionados con la futuras actuaciones que en su caso se podrán desarrollar en la superficie de la plaza».

— Remata a recorrente solicitando se anulen e deixen sen efecto «el apartado IV de la “Consideraciones de Derecho” del acuerdo recurrido» e «la segunda condición fijada en el acuerdo recurrido, modificando su redacción de conformidad con lo autorizado por el concesionario, en los términos siguientes: “Doutra, que as partes, transcurridos dez anos a partir da execución da instalación infantil, poderán acordar a renovación da permanencia de dito parque infantil na cuberta da praza, de acordo cos obxectivos do Proxecto de Gestión Plaza Elíptica, para a mellor utilización e dinamización da superficie ocupada polo parque infantil na praza”.

CONSIDERACIÓN DE DEREITO

PRIMEIRA.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de xuño de 2011, acordou adxudicara Prazadouro, S.L. a concesión de dominio público para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais da praza de D. Francisco Fernández del Riego e o mantemento e conservación da mesma, nos termos establecidos no prego de cláusulas aprobado pola Xunta de Goberno Local o 19 de maio de 2011 e a documentación achegada por Prazadouro, S.L.

Por posterior acordo do mesmo órgano municipal, de 14 de febreiro de 2014, autorizouse a transmisión da concesión demanial á mercantil Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L..

Entre a documentación achegada por Prazadouro, S.L., a que se refire o acordo de 17 de xuño de 2011, para a adxudicación da concesión, figura o Proxecto de Xestión «Plaza Elíptica», no que se contempla a redinamización dos espazos exteriores para integrar o Centro Comercial na vida dos cidadáns, propiciando actividades ao aire libre que constitúan unha referencia cidadá para o encontro e desenvolvemento de actividades artísticas e saudables.

SEGUNDA.- A cuestión relativa aos espazos aos que alcanza a concesión demanial que a recorrente presenta debe ser resolta polo servizo concernido —Patrimonio ou Contratación, en función da actual distribución de funcións—, ao cal deberá darse traslado da cuestión do alcance espacial da concesión, aducida no recurso, para que polo mesmo se tramite o oportuno expediente de interpretación do obxecto da concesión; non obstante, do texto do recurso non parece que esta cuestión sexa determinante para a resolución do mesmo, canto

ao que ao presente expediente se refire, esto é, canto á instalación do parque infantil que nos ocupa na Praza Elíptica.

E así, sen necesidade de entrar a examinar o alcance das facultades recoñecidas a concesionaria canto a realización de actividades para a dinamización dos espazos exteriores do centro comercial, isto é se tales facultades entranan ou non un aproveitamento privativo da superficie da praza, cabe dar a razón a recorrente, dunha parte, canto a incorrecta inclusión do apartado IV das consideracións de Dereito do acordo impugnado, no que se di que: «O actual adxudicatario do subsolo da Praza Elíptica non formulou obxección algunha a execución do proxecto de que tratamos e da documentación achegada polo responsable técnico da Oficina de Inventario e Patrimonio non resulta impedimento algún para a aprobación e execución do proxecto, toda vez que a concesión demanial existente na Praza Elíptica o é do subsolo»; porque o certo é que o adxudicatario da concesión sí formulou alegacións, as cales se consignan expresamente nos antecedentes do acordo recorrido; e porque a cuestión das superficies a que alcanza a concesión e un pronunciamento sobre o mesmo aconsella, tal e como vai dito, a tramitación dun expediente contradictorio ao efecto polo servizo concernido.

Doutra, canto a que cinguíndose o expediente a instalación dun parque infantil nun espazo determinado da superficie da Praza Elíptica o acordo que se adopte debe cingirse aos aspectos relacionados co dito parque infantil, sen incluír aspectos relacionados con futuras actuacións referidas a toda a superficie da praza.

De acordo co dito, procede estimar parcialmente o recurso de reposición no sentido de suprimir o devandito apartado IV das consideracións de Dereito do acordo impugnado e aceptar a redacción proposta por Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. para o segundo dos condicionantes que figuran na parte dispositiva do acordo adoptado; esto é:

«Doutra, que as partes, transcurridos dez anos a partir da execución da instalación infantil, poderán acordar a renovación da permanencia de dito parque infantil na cuberta da praza, de acordo cos obxectivos do Proxecto de Gestión Plaza Elíptica, para a mellor utilización e dinamización da superficie ocupada polo parque infantil na praza».

Porén, a estimación debe ser parcial porque o acordo de permanencia do parque infantil transcurridos dez anos desde a súa instalación —que se consigna na redacción proposta— en ningún caso pode ser entendido como unha autorización ao Concello de Vigo por parte da titular da concesión demanial para a permanencia do parque infantil na Praza Elíptica —salvo que do expediente de interpretación que se incoe ao efecto resultara a extensión da concesión á superficie da praza— e sí como un acordo entre Concello de Vigo e Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. para a realización por ambas partes de prestacións conducentes á mellor utilización e dinamización da superficie ocupada polo parque infantil na praza.

TERCEIRA.- É competente para a resolución do recurso de reposición que se informa a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (disposición adicional segunda 3 TRLCSP), en canto órgano que ditou a resolución impugnada en reposición (artigo 123.1 LPACAP)

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso de reposición interposto pola mercantil Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. no sentido de:

1º. Suprimir o apartado IV das consideracións de Dereito do acordo impugnado.

2º. Aceptar a redacción proposta por Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. para o segundo dos condicionantes que figuran na parte dispositiva do acordo recorrido, que queda coa redacción que segue e en relación coa cal se aproba a precisión que se consigna a continuación:

— Redacción que se aproba: «Doutra, que as partes, transcorridos dez anos a partir da execución da instalación infantil, poderán acordar a renovación da permanencia de dito parque infantil na cuberta da praza, de acordo cos obxectivos do Proxecto de Gestión “Plaza Elíptica”, para a mellor utilización e dinamización da superficie ocupada polo parque infantil na praza».

— Precisión que se aproba en relación coa dita redacción: «O acordo de permanencia do parque infantil, transcorridos dez anos desde a súa instalación, que se consigna na redacción aprobada, en ningún caso pode ser entendido como unha autorización ao Concello de Vigo por parte da titular da concesión demanial para a permanencia do parque infantil na Praza Elíptica —salvo que do expediente de interpretación que se incoe ao efecto resultara a extensión da concesión demanial á superficie da praza— e sí como un acordo entre Concello de Vigo e Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. para a realización por ambas partes de prestacións conducentes á mellor utilización e dinamización da superficie ocupada polo parque infantil na praza».

Segundo.- Dese traslado da cuestión relativa ao alcance da concesión demanial, canto as superficies comprendidas na mesma, que no recurso de reposición se presenta, ao servizo municipal concernido a fin de que por este se tramite expediente interpretativo ao efecto.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a mercantil Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L. con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1047).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE DOUS ADMINISTRATIVOS POR PROMOCIÓN INTERNA, CON CARGO A VACANTES, OEP 2013. EXPTE. 30708/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 3/10/17, dáse conta do informe-proposta do 28/09/17, asinado pola técnica de

Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para provistar en propiedade dúas prazas de Administrativo/a de Administración Xeral (unha delas reservada a persoas con discapacidade) en réxime funcional e incluídas no grupo C, subgrupo C1 de titulación, pola quenda de promoción interna, vacantes e incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2013, na súa sesión de 21 de setembro de 2017, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento dos/das seguintes aspirantes, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición coa seguinte puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACION
6	MOSQUERA CARBALLO	ODILO	*****777P	33,00
8	SASTRE VAZQUEZ	CARMEN	*****832T	32,53

Na acta de data 21 de setembro de 2017 se fai constar que segundo o “informe da Área de Recursos Humanos de data 20/09/2017 sobre a acumulación da praza de administrativo de administración xeral reservada para persoas con discapacidade a praza do turno ordinario-ambas as dúas dentro da quenda de promoción interna, informe emitido a instancia do acordado por este órgano na sesión do 06/07/2017. O informe, tras citar a normativa aplicable, os antecedentes e a fundamentación xurídica correspondente, contén a seguinte CONCLUSIÓN: “Tendo en conta o anteriormente exposto, entende o que subscribe que, unha vez verificado que actualmente no Cadro de Persoal Municipal deste concello, figuran un total de 35 empregados/as municipais que contan coa condición de discapacitados/as, cun grao igual ou superior ao 33%, polo que, sobrepásase a porcentaxe do 2% da plantilla global no momento actual (1457 prazas x 2% = 29,14), ó que equivale a 29 prazas, polo que, en consecuencia e, toda vez que unha das dúas prazas ofertadas quedou deserta, **poderíase acumular a praza reservada para persoas con discapacidade á praza do turno ordinario, dentro da quenda de promoción interna.**”

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de editos e anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 21/09/2017.

Os/as aspirantes propostos/as presentaron no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/2016 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, pola técnica de administración xeral da Área de Recursos Humanos e Formación que suscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO: Nomear **funcionarios/as de carreira** con cargo ás prazas convocadas de **administrativos/as de administración xeral**, pola quenda de promoción interna, ós/ás

seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección, que superaron todos os exercicios do concurso-oposición e que acadaron as seguintes puntuacións totais:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACION
6	MOSQUERA CARBALLO	ODILO	*****777P	33,00
8	SASTRE VAZQUEZ	CARMEN	*****832T	32,53

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, os presentes nomeamentos unicamente terán efectos coa formalización da toma de posesión como funcionarios/as de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

SEGUNDO.: Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, así coma ao Comité de Persoal e aos xefes/as dos Servizos aos que se adscriban as prazas, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1048).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DAS POLÍTICAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE (VIGO VERTICAL) NA RÚA J.RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE TORRECEDEIRA E PI I MARGALL. EXPTE. 3216/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/10/17, dáse conta do informe-proposta do 2/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do programa 1532 "Pavimentación vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.619.00.10 (Vigo Vertical Ascensores, J.R.Jiménez, Valterra, Torrecedeira-Pi Margall)
2. Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado de Fomento, autorizou o gasto e a contratación do servizo de redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Pablo Menéndez S.L.U.

3. O ámbito de actuación previsto abrangue a rúa Juan Ramón Jiménez -entre Torrecedeira e Pi y Margall, e o Parque Camilo José Cela, dentro dos ámbitos de protección dos xacementos arqueolóxicos de “Marqués de Valterra-Juan Ramón Jiménez” (GA36057086) e “Picacho-San Francisco” (GA36057085), bens incluídos no catálogo de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e no catálogo do planeamento vixente.

4. En data 30.05.2017 a Directora Xeral de patrimonio Cultural (p.d. a xefa do servizo de coordinación da área cultural) autorizou a realización de sondaxes arqueolóxicas no parque Camilo José Cela e na rúa Juan Ramón Jiménez (entre as rúas Torrecedeira e Pi y Margall) e con data 15.06.2017, autorizou a remodelación da parte alta do parque, a instalación dunha escultura-área de xogos e a construción dun ascensor, todos eles condicionados á realización das sondaxes arqueolóxicas previas; sondaxes arqueolóxicas, cuxos resultados, unha vez realizadas, plasmaron na denominada Memoria Técnica das Sondaxes Arqueolóxicas no Parque Camilo José Cela e a Rúa Juan Ramón Jiménez (entre Torrecedeira e Pi y Margall), correspondente ao proxecto de “Implantación das políticas de desenvolvemento urbano sustentable (Vigo vertical), na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi y Margall”, que xunto co informe emitido pola Arqueóloga Municipal do Concello de Vigo, foron remitidos, con data 09.08.2017, á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Turismo; memoria e informe nos que se conclúe a non se localizaron estruturas nin materiais de interese arqueolóxico, polo que se propón dar por rematada a actuación arqueolóxica

5. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E SETE MIL SETECENTOS DEZANOVE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.797.719,49 EUROS) e data setembro de 2017.

6. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 26.09.17, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, coa mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

7. A actuación se desenrola no parque Camilo Jose Cela, comprendido entre Torrecedeira e Pi y Margall, comprende as seguintes actuacións:

- Redistribución dos espazos e servizos, con renovación completa dos pavimentos.
- Instalación de ascensor vertical, permitindo a conexión accesible entre Torrecedeira e Pi y Margall. Inclúe pasarelas de conexión a diferentes cotas en estrutura metálica.
- Instalación de cámaras de videovixilancia para seguridade nos embarques do ascensor.
- Remodelación da parte alta do parque a cota da rúa Pi y Margall.
- Creación dun área de xogo infantil coa instalación dun elemento escalable formado por tubos de aceiro galvanizado que estarán tecidos mediante cordas de distintas cores, que xerarán espazos para xogar.
- Execución de colector de pluviais para conectar a rede separativa existente entre Pi y Margall e Torrecedeira.
- Instalación de sistema de drenaxe formado por sumidoiros e rexas continuas nas zonas obxeto de proxecto.
- Renovación do colector de saneamento existente.
- Redistribución de árbores existentes, con incorporación de novo arborado e incorporación de zonas verdes.

- Incorporación de rede de Rego cun sistema por goteo e aspersores para as zonas verdes proxectadas.
- Renovación completa do sistema de alumado, con incorporación de novos báculos, proxectores, canalizacións líneas e centro de mando de alumado.
- Incorporación de novo mobiliario urbano e MUPI de publicidade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATORCE meses.

8.- A Enxeñeira Industrial municipal co conforme do Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, con data 28.09.2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o PROXECTO VIGO VERTICAL DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E SETE MIL

SETECENTOS DEZANOVE EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (2.797.719,49 EUROS) e data setembro de 2017

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1049).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA. FASE I", ENTRE AS RÚAS S. BADÍA E ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 3501/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/10/17, dáse conta do informe-proposta do 29/09/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito exprotrordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a a plicación orzamentaria 1532.619.00.61 "Humanización Rúa Purificación Saavedra" con un importe de 306.096,89 euros

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 28/11/16, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 19.747,90 € para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Galaicontrol, S.L.

3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dna. Trinidad López Rodríguez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de TRESCENTOS SEIS MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (306.096,90 €) e data maio de 2017.

4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal, con data 26/06/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 28/06/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola na rúa Purificación Saavedra entre as rúas Sajurjo badia e Enrique Lorenzo, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

Previamente se procederá a retirada de mobiliario existente, realizando a continuación a demolición de pavimentos, bordos, saneo do terreo mediante cajeado necesario.

Plantexase o soterramento de parte da rede aérea de baixa tensión existente, a renovación da actual rede de abastecemento, mediante tubaxe de fundición dúctil,

reparación de pozos de saneamento e eliminación dalgún colector que este en desuso, nova instalación de rede de alumado coas súas luminarias, rede de rego para abastecer ás xardineiras previstas.

Se aportará a capa de apoio para o novo pavimento a efectuar, que será na beirarrúa a base de formigón de 10 cm. Carpa de morteiro e acabado con pavimento de granito acabado en granallado con p.p. De bordos do mesmo material. Acceso a garaxes con base de formigón aramado, capa de morteiro e adoquín de granito gris alba, calzada a base sub-base de formigón, rego de imprimación e mezcla bituminosa, rego de adherencia, propónse unha variable para o acabado do pavimento na praza do mercado

Acabados exteriores a base de elementos de xardinería, e mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO meses.

6. O Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas, con data 25 de setembro de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE I, ENTRE SANJURJO BADÍA E ENRIQUE LORENZO de data maio de 2017, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos Dña. Trinidad López Rodríguez, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de TRESCENTOS SEIS MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (306.096,90 €)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1050).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE “SUBMINISTRO DE MISTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS” PARA OS PERÍODOS 24/10/15 ATA 23/10/16 E 24/10/16 ATA 23/10/17. EXPTE. 68814/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/10/17, dáse conta do informe-proposta do 27/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras, o xefe da Área de Inversións, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1. Nome do contrato: “subministro de misturas bituminosas e emulsións asfálticas”.
2. Publicacións da licitación de licitación: DOCE 29-06-13, BOE 17-07-13, DOG 11-07-13, BOP 17-07-13
3. Data de adxudicación definitiva: 27/09/2013.
4. Data de formalización do contrato: 24/10/2013.
5. Contratista adxudicatario: Construcciones Obras e Viales S.A. (Een adiante COVSA).

A lei 2/2015, de trinta de marzo, de desindexación da economía española, modifica o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (en adiante T.R.L.C.S.P.). Sen embargo, a disposición transitoria da mesma, establece que «los contratos incluídos dentro del ámbito de aplicación del T.R.L.C.S.P, cuyo expediente de contratación se haya iniciado antes de la entrada en vigor del real decreto al que se refiere el artículo 4 de la Ley 2/2015, será el que esté establecido en los pliegos». Polo tanto neste caso aplícase o contemplado no T.R.L.C.S.P.

6. As FEC do Contrato, no punto 4.C, prevé "o contrato poderase prorrogar en períodos anuais ata un máximo de dúas anualidades. A prórroga será obrigatoria

para o contratista salvo que teña denunciado o contrato con 6 meses de antelación". Non tendo denunciado o contrato o adxudicatario, e previo trámite de audiencia para mostrar a súa conformidade, o contrato foi prórrogado en dúas sucesivas anualidades polos períodos, 24/10/15 ata 23/10/16 o primeiro e 24/10/16 ata 23/10/17 o segundo, mediante sendos acordos da X.G.L. de datas 14/10/15 e 16/09/16 respectivamente.

7. Fórmula de revisión de prezos: As Follas Específicas do Contrato (F.E.C.) que serviu de base para a contratación, na súa cláusula 3.J, establece como fórmula de revisión de prezos a que figura como nº 152 no Real Decreto 1359/2011, de 7 de outubro polo que apróbanse a relación de materiais e fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos.

$$K_t = 0,4 B_t / B_0 + 0,07 C_t / C_0 + 0,14 E_t / E_0 + 0,01 Q_t / Q_0 + 0,14 R_t / R_0 + 0,24$$

Onde,

K_t : coeficiente teórico de revisión para o momento da execución

B: índice de custo dos materiais bituminosos

C: índice do custo do cemento

E: índice do custo da enerxía

Q: índice do custo de produtos químicos

R: índice do custo de áridos e rochas

Na fórmula de revisión de prezos, represéntase con subíndice "t" os valores dos índices de prezos de cada material no mes que corresponde ao período de execución do contrato cuxo importe é obxecto de revisión; e co subíndice "o" os valores dos índices de prezos de cada material na data á que se refire o artigo 91.3 do T.R.L.C.S.P., é dicir a de adxudicación do contrato 27/09/13.

8. PRIMEIRA REVISIÓN DE PREZOS (Outubro 2014 – Outubro 2015)

Seguindo as instrucións da Intervención Xeral para a primeira revisión de prezos realizada no período 24 de outubro de 2014 ata o 23 de outubro de 2015, aplícouse ao total das cantidades facturadas no período anual revisable, o coeficiente de revisión K_t resultante de aplicar na fórmula, os índices con subíndice "t" publicados para o mes de outubro de 2014, no que comezou o dito período.

Ditos índices foron publicados o 16 de setembro de 2015, polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas na Orden HAP/1868/2015, de 10 de setembro, sobre os índices de prezos de man de obra e materiais para o ano 2014.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 4 de decembro de 2015, adoptou o acordo de aprobar a revisión de prezos do contrato para o período 24 de outubro de 2014 ata o 23 de outubro de 2015, por un importe de 9.328,99 euros a favor do Concello de Vigo. O dito importe foi aboado polo adxudicatario.

II.- REVISIONS DE PREZOS PENDENTES

-SEGUNDA REVISIÓN DE PREZOS (Outubro 2015 – Outubro 2016)

Este período corresponde ao terceiro ano do contrato e a primeira prórroga do mesmo.

Os índices con subíndice "t" publicados para o mes de outubro de 2015, no que comenza o período da segunda revisión de prezos foron publicados o 28 de junio de 2016, polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, na Orden HAP/1035/2016, de 24 de xuño, sobre os índices de prezos de man de obra e materiais para os dous últimos trimestres do ano 2015.

No cadro que sigue, expóñense pormenorizados os cálculos realizados para o período Outubro 2015 – Outubro 2016, segunda revisión (pendente) :

Año		2013	2015 -2016
Indices de precios de materiales		Septiembre 2013 Subíndices "0" Orden HAP/610/2015 B.O.E. 10/04/2015	Octubre 2015 Subíndices "t" Orden HAP/1035/2016 B.O.E. 28/06/2016
B	Bituminosos	99,637	60,946
C	Cemento	102,805	100,145
E	Energía	100,360	78,703
Q	Químicos	101,908	101,265
R	Aridos	102,097	101,728

FORMULA (nº 152 del R.D. 1359/2011)	FACTURADO 24 de octubre 2015 a 23 de octubre 2016 periodo revisable
$Kt = 0,4 Bt/ Bo+0,07 Ct/ Co+0,14 Et/ Eo+0,01 Qt/ Qo+0,14 Rt/ Ro+0,24$	0,812081
Importe suministros precios de licitación. Sin IVA	315.836,42
Baja de adjudicación. 21,50 %	21,50%
Base imponible facturas (Importe de suministros a precios de adjudicación)	247.931,59
I.V.A. 21,00 %	52.065,63
TOTAL Facturación	299.997,22
	201.340,49

Base imponible facturas con precios revisados (Importe de suministros a precios de adjudicación) x K_t	
Diferencia con importe facturado	-46.591,10
I.V.A. 21,00 %	-9.784,13
TOTAL REVISION	-56.375,23

Da revisión deste período resulta un importe a favor da administración de **56.375,23 euros, IVA** incluído.

–TERCEIRA REVISIÓN DE PREZOS (Outubro 2016 – Outubro 2017)

Este período corresponde o carto ano do contrato e a segunda prórroga do mesmo.

Os índices con subíndice "t" publicados para o mes de outubro de 2016, no que comenza o período da segunda revisión de prezos foron publicados o 4 de agosto de 2017, por el Ministerio de Hacienda y Función Pública na Orden HFP/755/2017, de 31 de xullo, sobre os índices de prezos de man de obra e materiais para os dous últimos trimestres do ano 2016.

No cadro que sigue, expóñense pormenorizados os cálculos realizados para o período Outubro 2016 – Outubro 2017, segunda revisión (pendente) :

Año		2013	2016 -2017
Indices de precios de materiales		Septiembre 2013 Subíndices "0" Orden HAP/610/2015 B.O.E. 10/04/2015	Octubre 2016 Subíndices "t" Orden HFP/755/2017 B.O.E. 04/08/2017
B	Bituminosos	<u>99,637</u>	69,528
C	Cemento	<u>102,805</u>	101,301
E	Energía	<u>100,360</u>	82,007
Q	Químicos	<u>101,908</u>	102,199
R	Aridos	<u>102,097</u>	99,263

FORMULA (nº 152 del R.D. 1359/2011)	FACTURADO 24 de octubre 2016 a 31 de agosto 2017 periodo revisable
--	---

$K_t = 0,4 B_t / B_o + 0,07 C_t / C_o + 0,14 E_t / E_o + 0,01 Q_t / Q_o + 0,14 R_t / R_o + 0,24$	0,848642
Importe suministros precios de licitación. Ata o 31/08/2017 Sin IVA	205.415,70
Baja de adjudicación. 21,50 %	21,50%
Base imponible facturas Importe de suministros a precios de adjudicación efectuados ata 31/07/2017	161.251,32
I.V.A. 21,00 %	33.862,78
TOTAL Facturación	195.114,10
Base imponible facturas con precios revisados (Importe de suministros a precios de adjudicación) x K_t	136.844,58
Diferencia con importe facturado	-24.406,75
I.V.A. 21,00 %	-5.125,42
TOTAL REVISION	-29.532,17

Da revisión deste período en relación aos subministros facturados, resulta un importe a favor da administración de **29.532,17 euros IVA** incluído, e para os pendentes de facturar ata a finalización do contrato, deberá ser de aplicación o coeficiente $K_t = 0,848642$, sobre os prezos de licitación, antes da aplicación da baixa ofertada polo adxudicatario.

III.- APLICACIÓN DOS CRÉDITOS MUNICIPAIS RESULTANTES DA REVISIÓN DE PREZOS:

O T.R.L.C.S.P., establece no seu artigo 94, “pago do importe da revisión”, que o importe das revisións que procedan faranse efectivo, de oficio, mediante o abono ou desconto correspondente nas certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non puideran incluírse nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

O propio Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así o prevé na súa Cláusula 27.

A baixa dos prezos dos subministros resultantes das revisións de prezos non se puiderón incluír nas correspondentes certificacións ou pagos nos devanditos períodos, por mor do retraso co que se publican os índices de prezos para o cálculo do coeficiente de revisión.

De acordo co establecido no artigo 94 do TRLCSP, o importe das revisións que procedan poderá facerse efectivo, de oficio, mediante abono ou desconto correspondente nas

certificacións ou pagos parciais ou, excepcionalmente, cando non se puidesen incluír nas certificacións ou pagos parciais, na liquidación do contrato.

Doutra parte, a facturación das subministracións realizadas véñense facendo aplicando á baixa de adxudicación ó cadro de prezos unitarios da licitación do contrato.

Como queira que para a vixente e última prórroga do contrato se prevé un gasto máximo de 300.000 euros, IVE incluído, dos que 80.000 euros corresponden a anualidade de 2016 e 220.000 euros a anualidade de 2017 e toda vez que na vixente anualidade restan por executar subministracións necesarias para o Servizo por un importe superior ao crédito municipal derivado das revisións de prezos vistas, este crédito municipal por revisión de prezos compensarase ou descontarase —nos pagos parciais ou na liquidación do contrato— cos créditos da subministradora polas subministracións necesarias para o Servizo que, dentro da vixente prórroga e anualidade, se realicen de acordo coas previsións do contrato.

IV.- PROPOSTA:

O órgano de contratación competente para aprobar a revisión de prezos e a Xunta de Goberno Local (en adiante X.G.L.), de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do T.R.L.C.S.P.

Previamente a remitir o expediente a Secretaría da X.G.L., para a súa inclusión no orde do día deberá emitir informe de fiscalización favorable a Intervención Xeral.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a revisión de prezos do contrato de “Subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas” adxudicado a “Construcciones, Obras y Viales S.A”, para a anualidade comprendida entre o 24 de outubro 2015 e o 23 de outubro 2016, a cal de acordo coa aplicación da fórmula de revisión cun coeficiente $K_t = 0,812081$, sobre os importes facturados polos subministros deste período, implicando un importe a favor da administración pola cantidade de 56.375,23 € (I.V.E. incluído).

Segundo: Aprobar a revisión de prezos do contrato de “Subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas” adxudicado a “Construcciones, Obras y Viales S.A”, para a anualidade comprendida entre o 24 de outubro 2016 e o 23 de outubro 2017, a cal de acordo coa aplicación da fórmula de revisión cun coeficiente $K_t = 0,848642$, sobre os importes facturados polos subministros deste período ata o 31 de agosto de 2017, implicando un importe a favor da administración pola cantidade de 29.532,17 € (I.V.E. incluído), sendo de aplicación para os subministros pendentes de facturar ata a finalización do contrato, o coeficiente $K_t = 0,848642$, sobre os prezos de licitación, antes da aplicación da baixa ofertada polo adxudicatario.

Terceiro: Aprobar a práctica, no seu momento, das compensacións e descontos referidos no parágrafo relativo á «Aplicación dos créditos municipais resultantes da revisión de prezos».

Cuarto: O presente acordo comunicárase ao servizo de Contratación, a Intervención Xeral e ao contratista, aos efectos oportunos, ofrecéndolle a este último os recursos previsto na vixente lexislación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez